

Traballando coas coordenadas xeográficas

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Utilizando a fotocopia da proxección, **localiza no mapa**, aproximadamente, os seguintes elementos, de acordo cos datos referentes á latitude e lonxitude, debuxando sobre o planisferio a letra correspondente:



- A. *Un barco pesqueiro galego é asaltado polos piratas somalíes preto do chamado Corno de África. Antes de ser capturados, envían ás autoridades unha SOS coa súa posición no mar: 5°LATITUDE NORTE e 55°DE LONXITUDE LESTE.*
- B. *Un avión de pasaxeiros desaparece en pleno voo sobre o Océano Pacífico. A última información que teñen os equipos de rescate é a súa posición nas coordenadas 35°LATITUDE SUR e 140°DE LONXITUDE OESTE.*
- C. *Un meteorito de considerable tamaño impacta sobre a superficie terrestre. Afortunadamente, cae sobre unha zona despoblada de Siberia. Os científicos calculan que os restos deben atoparse a 60°LATITUDE NORTE e 100°DE LONXITUDE LESTE.*
- D. *Un submarino militar ruso ten problemas técnicos no Océano Índico, ao fallar un dos seus reactores nucleares. Para recibir axuda técnica do buque de apoio, indica que está na posición 42°LATITUDE SUR e 52°DE LONXITUDE LESTE.*
- E. *Un grupo de exploradores atopa os restos dun barco español afundido no século XVI. Este auténtico tesouro histórico está localizado nunha das rutas que levaban ouro e prata de América a España, concretamente nas coordenadas 23°LATITUDE NORTE e 61°DE LONXITUDE OESTE.*
- F. *Un grupo de estudantes fai unha viaxe de final de curso a África...pero o autobús estropéase e necesitan ser axudados. Un deles utiliza o móbil para dar as coordenadas onde se atopan: 25°LATITUDE NORTE e 30°DE LONXITUDE LESTE.*
- G. *Onde te atoparías se as túas coordenadas fosen 0°LATITUDE e 0°DE LONXITUDE? Estarías seco ou mollado? ;-)*
- H. *En que país asiático te atoparías se as coordenadas fosen 20°LATITUDE NORTE e 80°DE LONXITUDE LESTE?*

Noraboa! Tocouche a “primitiva”, compraches un iate de luxo, e vas dar a **volta ao mundo**. Fíxate nas coordenadas da parte inferior, coas 11 escalas que debes localizar cun puntíño vermello na mesma fotocopia de antes. A viaxe parte de España (un porto do norte), sempre en sentido cara ao OESTE, e volve ao noso país dende o ESTE (desembarcando noutro porto do sur). Completa cunha liña vermella o teu percorrido....e leva biodramina para o mareo! Bon voyage!

- 1. *Porto de partida: 42°LATITUDE NORTE e 12°DE LONXITUDE OESTE.*
- 2. *Estamos na posición: 20°LATITUDE NORTE e 30°DE LONXITUDE OESTE.*
- 3. *Estamos na posición: 20°LATITUDE NORTE e 60°DE LONXITUDE OESTE.*
- 4. *Estamos na posición: 10°LATITUDE NORTE e 80°DE LONXITUDE OESTE.*
- 5. *Estamos na posición: 10°LATITUDE NORTE e 130°DE LONXITUDE OESTE.*
- 6. *Estamos na posición: 20°LATITUDE SUR e 180°DE LONXITUDE OESTE.*
- 7. *Estamos na posición: 40°LATITUDE SUR e 140°DE LONXITUDE LESTE.*
- 8. *Estamos na posición: 10°LATITUDE NORTE e 60°DE LONXITUDE LESTE.*
- 9. *Estamos na posición: 30°LATITUDE NORTE e 35°DE LONXITUDE LESTE.*
- 10. *Estamos na posición: 40°LATITUDE NORTE e 10°DE LONXITUDE LESTE.*
- 11. *Porto de chegada: 38°LATITUDE NORTE e 5°DE LONXITUDE OESTE.*

Anímate a poñer nomes (portos, países, lugares aproximados....) que visitaches durante a túa viaxe.....